

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AUGAS DE GALICIA**

RESOLUCIÓN do 19 de xuño de 2020 pola que se modifica a Resolución do 28 de maio de 2019 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrència competitiva, destinadas ás entidades locais responsables de sistemas de abastecemento á poboación, para a redacción de plans de emerxencia ante situacións de seca, e se convocan para o ano 2019 (código de procedemento AU100A).

O 24 de xuño de 2019 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Resolución do 28 de maio de 2019 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrència competitiva, destinadas ás entidades locais responsables de sistemas de abastecemento á poboación para a redacción de plans de emerxencia ante situacións de seca, e se convocan para o ano 2019 (código de procedemento AU100A).

O 14 de outubro de 2019, a Dirección de Augas de Galicia, por delegación da Presidencia de Augas de Galicia, ditou a resolución de concesión de axudas.

De acordo co disposto no artigo 23 das bases reguladoras das axudas, a data límite para presentar a documentación xustificativa da subvención será o 30 de xuño de 2020.

A disposición adicional terceira do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, suspendeu os termos e interrompeu os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público.

O artigo 9 do Real decreto 537/2020, do 22 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, sinala que:

«Con efectos desde o 1 de xuño de 2020, o cómputo dos prazos administrativos que fosen suspendidos reiniciarase, se así se previu nunha norma con rango de lei aprobada durante a vixencia do estado de alarma e as súas prórrogas».



Pola súa parte, a disposición derogatoria única do Real decreto 537/2020, do 22 de maio, derogou, con efectos desde o 1 de xuño de 2020, a disposición adicional terceira do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo.

O artigo 45.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establece a posibilidade de que o órgano concedente das subvencións outorgue, salvo precepto en contra contido nas bases reguladoras, unha ampliación do prazo establecido para presentar a xustificación, que non excederá a metade deste e sempre que con iso non se prexudiquen dereitos de terceiros.

Por outra banda, remítese ao disposto con carácter xeral no artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no que se indica que a ampliación poderá acordarse de oficio ou por instancia de parte antes do vencemento do prazo de que se trate e se as circunstancias así o aconsellasen.

Tendo en conta a complexidade do proceso de tramitación dos plans subvencionados e de contratación nas entidades locais beneficiarias, a solicitude dalgún concello beneficiario e considerando tanto as especiais circunstancias concorrentes logo da aprobación do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, como que as bases reguladoras non conteñen precepto en contra e que non se causa prexuízo a terceiros, é procedente ampliar o prazo de execución e xustificación das actuacións subvencionadas ata o 30 de setembro de 2020.

Por todo o anterior, sobre a base dos requisitos e das condicións previstos na normativa anteriormente citada,

RESOLVO:

Artigo único. Modificación da Resolución do 28 de maio de 2019 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrència competitiva, destinadas ás entidades locais responsables de sistemas de abastecemento á poboación para a redacción de plans de emerxencia ante situacións de seca, e se convocan para o ano 2019 (código de procedemento AU100A)

Modifícase o número 1 do artigo 23 da Resolución do 28 de maio de 2019 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrència



competitiva, destinadas ás entidades locais responsables de sistemas de abastecemento á poboación para a redacción de plans de emerxencia ante situacións de seca, e se convocan para o ano 2019 (código de procedemento AU100A), que queda redactado como segue:

«1. O prazo para a presentación da documentación xustificativa da subvención rematará o 30 de setembro de 2020».

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta resolución producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2020

Ethel María Vázquez Mourelle
Presidenta de Augas de Galicia

CVE-DOG: ybrfnmp6-g4i9-duw8-kmo0-qezfuonfe4a4

